O módulo profesional de MP0519: Documentación técnica en instalacións eléctricas é un módulo de segundo curso con un total de 5 sesións semanais e unha duración total de 138 horas. O presente módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar as funcións de desenvolvemento de proxectos de instalacións eléctricos, e aplícase a todos os tipos de instalacións que se relacionen co perfil profesional do título.
No Decreto 138/2011 determinase de maneira específica que a formación do módulo Desenvolvemento de redes eléctricas e centros de transformación contribúe a acadar os seguintes obxectivos xerais: s a), c), d), e), f) e v) do
De igual xeito, no Decreto 138/2011 se recolle que a formación do módulo contribúe a alcanzar as seguintes competencias profesionais, persoais e sociais:a), c) e d).
A área socio-económica na que se atopa o IES 12 de outubro é a área máis poboada e con maior crecemento na provincia de Ourense, sendo a capital de provincia a terceira cidade en poboación da comunidade galega. Polo que respecta ao contorno produtivo da comarca, caracterízase por un notable desenvolvemento industrial e de turismo termal. Segundo datos do INE, os activos produtivos na provincia de Ourense no ano 2021 son nun 16% procedentes do sector industrial, en comparativa co 12% do total nacional en España. Estes datos confirman a importancia relativa do tecido produtivo na contorna e a necesidade da formación de novos e novas profesionais especializados en sistemas eléctricos e automatizados. Dentro da actual situación socieconómica a nivel muncial, marcada pola recente pandemia COVID-19 e a guerra na Ucraína, o abastecemento enerxético e a automatización son unha ferramenta imprescindible para dar soporte ás actividades produtivas e comerciais, conseguindo unha mellora da competitividade das empresas situadas no ámbito produtivo ourensán.
O perfil profesional deste título exerce a súa actividade en microempresas e en empresas pequenas e medianas, maioritariamente privadas, por conta propia ou allea, nas áreas de montaxe e mantemento de infraestruturas de telecomunicación en edificios, máquinas eléctricas, sistemas automatizados, instalacións eléctricas de baixa tensión e sistemas domóticos. As ocupacións e postos de traballo máis salientables son os seguintes:
- Proxectista electrotécnico/a.
- Proxectista de instalacións de electrificación en baixa tensión para vivendas e edificios.
- Proxectista de instalacións de electrificación en baixa tensión para locais especiais.
- Proxectista de instalacións de iluminación exterior.
- Proxectista de liñas eléctricas de distribución de enerxía eléctrica en media tensión e centros de transformación.
- Proxectista en instalacións de antenas e de telefonía para vivendas e edificios.
- Coordinador/ora técnico/a de instalacións electrotécnicas de baixa tensión para os edificios.
- Técnico/a de supervisión, verificación e control de equipamentos e instalacións electrotécnicas e automatizadas.
- Técnico/a supervisor/ora de instalacións de iluminación exterior.
- Capataz de obras en instalacións electrotécnicas.
- Xefe/a de equipo de instalación de baixa tensión para edificios.
- Coordinador técnico de redes eléctricas de baixa tensión e iluminación exterior.
- Técnico/a en supervisión, verificación e control de equipamentos en redes eléctricas de distribución en baixa tensión e iluminación exterior.
- Capataz de obras en redes eléctricas de distribución en baixa tensión e iluminación exterior.
- Encargado/a de obras en redes eléctricas de distribución en baixa tensión e iluminación exterior.
- Xefe/a de equipo de instalación en redes eléctricas de distribución en baixa tensión e iluminación exterior.
- Xestor/ora do mantemento de instalacións eléctricas de distribución e iluminación exterior.

Actuacións específicas do docente irán encamiñadas a que os titulados/as sexan polivalentes, autónomos e flexibles na organización do traballo. Polo tanto, estes aspectos deberán integrarse nas diferentes actividades que constitúen esta programación didáctica. É importante resaltar que o éxito profesional do alumando que curse este módulo deprende en gran medida da súa capacidade de actualización e adaptación ó entorno no que se atopen en cada etapa profesional. Será vital que acaden unha boa competencia de creación, selección e consulta de documentación técnica. Para acadar este obxectivo incluiranse o uso das tecnoloxías e aparellos dispoñibles no mercado nas diferentes actividades programadas.
En canto ao grupo aula consta de 16 alumnos, sendo a procedencia dos mesmos maioritariamente do primeiro curso do ciclo superior, cursado no propio centro. Partindo das premisas anteriores, elabórase a presente programación para o curso 2025/2026.

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
1	Debuxo técnico aplicado a sistemas electrotécnicos e automáticos.	Representación de instalacións eléctricas. Elaboración da documentación gráfica de proxectos de instalacións electrotécnicas. BC3. Xestión da documentación gráfica de proxectos de instalacións electrotécnicas.	50	46
2	Orzamentos e documentación técnica.	Identificación da documentación técnico-administrativa das instalacións e dos sistemas. Confección de orzamento. Elaboración de documentos do proxecto. Confección de plans, manuais e estudos.	50	40

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

UD	Título da UD	Duración
1	Debuxo técnico aplicado a sistemas electrotécnicos e automáticos.	46

Criterios de avaliación	IA	%
RA2 - Representa instalacións eléctricas, elaborando esbozos a man alzada, plantas, alzados e detalles.		
CA2.1 - Identificáronse os elementos e os espazos, as súas características construtivas e o uso ao que se destina a instalación eléctrica.	LC	5
CA2.2 - Seleccionáronse as vistas e os cortes que máis a representen.	LC	5
CA2.3 - Utilizouse un soporte adecuado.	LC	1
CA2.4 - Utilizouse a simboloxía normalizada.	LC	5
CA2.5 - Definíronse as proporcións adecuadamente.	LC	5
CA2.6 - Cotouse de xeito claro.	LC	5
CA2.7 - Tivéronse en conta as normas de representación gráfica.	LC	5
CA2.8 - Definíronse os esbozos coa calidade gráfica suficiente para a súa comprensión.	LC	5
CA2.9 - Traballouse con pulcritude e limpeza.	LC	5
RA3 - Elabora documentación gráfica de proxectos de instalacións eléctricas e debuxa planos mediante programas de deseño asistido por computador.		

Criterios de avaliación	IA	%
CA3.1 - Identificouse o proceso de traballo e a interface de usuario do programa de deseño asistido por computador.	LC	5
CA3.2 - Identificáronse os esbozos subministrados para a definición dos planos do proxecto eléctrico.	LC	5
CA3.3 - Distribuíronse nos planos os debuxos, as lendas, a rotulación e a información complementaria.	LC	5
CA3.4 - Seleccionouse a escala e o formato apropiados.	LC	5
CA3.5 - Debuxáronse planos de planta, alzado, cortes, seccións e detalles de proxectos de instalacións electrotécnicas consonte os esbozos subministrados e a normativa específica.	LC	5
CA3.6 - Comprobouse a correspondencia entre vistas e cortes.	LC	5
CA3.7 - Cotouse con claridade e de acordo coas normas.	LC	5
CA3.8 - Incorporáronse as lendas e a simboloxía correspondentes.	LC	5
RA4 - Xestiona a documentación gráfica de proxectos eléctricos, reproducindo, organizando e arquivando os planos en soporte impreso e informático.		
CA4.1 - Identificouse o sistema de reprodución e arquivo para cada situación.	LC	1
CA4.2 - Identificouse o sistema de codificación da documentación.	LC	5
CA4.3 - Utilizouse o medio de reprodución adecuado, de xeito que as copias sexan nítidas e se lean con comodidade.	LC	1
CA4.4 - Cortáronse e dobráronse correctamente os planos, no tamaño requirido.	LC	5
CA4.5 - Organizouse e arquivouse a documentación gráfica no soporte solicitado.	LC	2
CA4.6 - Localizouse a documentación arquivada no tempo requirido.	LC	5

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - Representación de instalacións eléctricas
Normas xerais de esbozamento: normas ISO.
Técnicas e proceso de esbozamento: esbozamento a man alzada.
Simboloxía: símbolos eléctricos e mecánicos.

Contidos
Escalas: cotas.
Cotación: normas.
Rotulación.
BC2 - Elaboración da documentación gráfica de proxectos de instalacións electrotécnicas
Manexo de programas de deseño asistido por computador. Introdución e instalación de software. Interface de usuario. Inicio, organización e gardado. Control das vistas de debuxos. Elección dos procesos de traballo. Creación e modificación de obxectos.
Documentación gráfica: normas xerais de representación. Sistemas de encadernación. Sistemas informáticos de presentación de documentación (DVD, memorias USB, etc.). Métodos de presentación de proxectos (software).
Interpretación de planos de proxectos de obra civil: situación, plano topográfico, plano de trazado, perfís lonxitudinais e transversais, e seccións tipo.
Software específico para deseño de sistemas electrotécnicos e automáticos (esquemas unifilares e multifilares, etc.).
Elaboración de planos de situación, emprazamento e planta.
Elaboración de esquemas unifilares e multifilares de instalacións electrotécnicas e sistemas automáticos.
Normas de aplicación.
BC3 - Xestión da documentación gráfica de proxectos de instalacións electrotécnicas
Tipos de documentos: formatos. Dobra de planos.
Periféricos de saída gráfica. Plotter. Impresión profesional.
Normas de codificación. Técnicas de xestión da documentación.
Interpretación de planos de proxectos de edificación: plano de situación e emprazamento; plantas de cimentación e estrutura; plantas de distribución e cotas; plantas de moblaxe; plantas de cuberta; cortes e alzados; detalle de sección construtiva.
Ficheiros: contido e estrutura; tipos de formatos (PDF, rtf, etc.).

UD	Título da UD	Duración
2	Orzamentos e documentación técnica.	40

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Identifica a documentación técnico-administrativa das instalacións, interpretando proxectos e recoñecendo a información de cada documento.		
CA1.1 - Clasificáronse os documentos que compoñen un proxecto.	LC	1
CA1.2 - Identificouse a función de cada documento.	LC	1

Criterios de avaliación	IA	%
CA1.3 - Relacionouse o proxecto da instalación co proxecto xeral.	LC	1
CA1.4 - Determináronse os informes necesarios para a elaboración de cada documento.	LC	2
CA1.5 - Recoñecéronse as xestións de tramitación legal dun proxecto.	LC	4
CA1.6 - Simulouse o proceso de tramitación administrativa previo á posta en servizo.	TO	4
CA1.7 - Identificáronse os datos requiridos polo modelo oficial de certificado de instalación.	LC	4
CA1.8 - Distinguiuse a normativa de aplicación.	LC	4
RA5 - Confecciona orzamentos de instalacións e sistemas eléctricos, tendo en conta a listaxe de materiais, os baremos e os prezos unitarios.		
CA5.1 - Identificáronse as unidades de obra das instalacións ou dos sistemas, e os seus elementos constituíntes.	LC	1
CA5.2 - Realizáronse as medicións de obra.	TO	1
CA5.3 - Determináronse os recursos para cada unidade de obra.	LC	1
CA5.4 - Obtivéronse os prezos unitarios a partir de catálogos de fabricantes.	LC	1
CA5.5 - Detallouse o custo de cada unidade de obra.	LC	1
CA5.6 - Realizáronse as valoracións de cada capítulo do orzamento.	LC	1
CA5.7 - Utilizáronse aplicacións informáticas para elaboración de orzamentos.	TO	4
CA5.8 - Valorouse o custo de mantemento preditivo e preventivo.	LC	4
RA6 - Elabora documentos do proxecto a partir de información técnica, utilizando aplicacións informáticas.		
CA6.1 - Identificouse a normativa de aplicación.	LC	4
CA6.2 - Interpretouse a documentación técnica (planos e orzamentos, etc.).	LC	4
CA6.3 - Definíronse formatos para elaboración de documentos.	LC	4
CA6.4 - Elaborouse o anexo de cálculos.	LC	4

Criterios de avaliación	IA	%
CA6.5 - Redactouse o documento memoria.	LC	1
CA6.6 - Elaborouse o estudo básico de seguridade e saúde.	LC	5
CA6.7 - Elaborouse o prego de condicións.	LC	5
CA6.8 - Redactouse o documento de aseguramento da calidade.	LC	5
RA7 - Elabora manuais e documentos anexos aos proxectos de instalacións e sistemas, nos que se definen procedementos de previsión, actuación e control.		
CA7.1 - Relacionáronse as medidas de prevención de riscos na montaxe e no mantemento das instalacións e dos sistemas.	LC	5
CA7.2 - Identificáronse as pautas de actuación en situacións de emerxencia.	LC	5
CA7.3 - Definíronse os indicadores de calidade da instalación ou do sistema.	LC	5
CA7.4 - Definiuse o informe de resultados e accións correctoras, atendendo aos rexistros.	LC	5
CA7.5 - Comprobouse a calibración dos instrumentos de verificación e medida.	LC	1
CA7.6 - Estableceuse o procedemento de rastrexabilidade de materiais e residuos.	LC	5
CA7.7 - Determinouse o almacenamento e o tratamento dos residuos xerados nos procesos.	LC	4
CA7.8 - Elaborouse o manual de servizo.	LC	1
CA7.9 - Elaborouse o manual de mantemento.	LC	1
CA7.10 - Manexáronse aplicacións informáticas para elaboración de documentos.	TO	1

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC4 - Identificación da documentación técnico-administrativa das instalacións e dos sistemas
Anteproxecto ou proxecto básico.
Tipos de proxectos: administrativo ou técnico administrativo, executivo e construtivo.
Documentos básicos: índice xeral, memoria, anexos, planos, prego de condicións, estado de medicións, orzamento, etc.

Contidos
Documentación de partida: cálculos, táboas, catálogos, etc.
Estudos con entidade propia: prevención de riscos laborais, impacto ambiental, calidade, eficiencia enerxética, etc.
Manuais de instrucións.
Normativa: tramitacións e legalización. Trámites coa Administración e coas compañías subministradores e comercializadoras.
Rexistro de instalacións. Solicitude de subministración.
Certificados de instalación e verificación.
Certificados de fin de obra: manuais de instrucións.
BC5 - Confección de orzamento
Unidades de obra: medicións. Elementos significativos para ter en conta.
Cadros de prezos: catálogo de fabricantes.
Custos da man de obra.
Orzamentos: confección e métodos de realización.
Análise de custos. Procura de información. Técnicas específicas de análise de custos.
Programas informáticos de elaboración de orzamentos: paquete office e programas específicos de medicións e orzamentos.
Formato de intercambio estándar de bases de datos da construción.
BC6 - Elaboración de documentos do proxecto
Normativa de aplicación.
Formatos para elaboración de documentos.
Anexo de cálculos: estrutura e características. Software específico.
Documento memoria: estrutura e características.
Estudo básico de seguridade e saúde. Métodos de realización e información mínima.
Prego de condicións: partes e condicións.
Aseguramento da calidade. Sistemas de calidade aplicados a proxectos. Normas de aplicación.
Memoria técnica de deseño (MTD).
Aplicacións informáticas para elaboración de documentación.
BC7 - Confección de plans, manuais e estudos
Plans de emerxencia e de prevención: tipos e características.
Normativa de aplicación.
Estudos básicos de seguridade e saúde. Normas de aplicación: normativa internacional.

Contidos
Plan de calidade e mantemento. Sistemas de xestión da calidade aplicados ás instalacións eléctricas. Normas de aplicación.
Calidade na execución de instalacións ou sistemas. Normativa de xestión da calidade.
Plan de xestión ambiental. Estudos de impacto ambiental. Normativa de xestión ambiental.
Elaboración de manuais: de servizo e de medicións.
Especificacións técnicas dos elementos das instalacións.
Condicións de posta en marcha ou servizo.
Manual de mantemento. Histórico de mantemento e de avarías.
Protocolo de probas. Procesos de probas específicas.
Equipamentos de seguridade e protección; sinais e alarmas.

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades.

UD	Título da UD	Duración
1	Debuxo técnico aplicado a sistemas electrotécnicos e automáticos.	46

	Actividade	Descrición	Duración
1	Esbozos: normas, técnicas e proceso	Unidade introductoria dos sistema de representación de instalacións eléctricas	20

Criterios de avaliación

RA2 - Representa instalacións eléctricas, elaborando esbozos a man alzada, plantas, alzados e detalles.

CA2.1 - Identificáronse os elementos e os espazos, as súas características construtivas e o uso ao que se destina a instalación eléctrica.

CA2.2 - Seleccionáronse as vistas e os cortes que máis a representen.

CA2.3 - Utilizouse un soporte adecuado.

CA2.4 - Utilizouse a simboloxía normalizada.

CA2.5 - Definíronse as proporcións adecuadamente.

CA2.6 - Cotouse de xeito claro.

CA2.7 - Tivéronse en conta as normas de representación gráfica.

CA2.8 - Definíronse os esbozos coa calidade gráfica suficiente para a súa comprensión.

CA2.9 - Traballouse con pulcritude e limpeza.

Contidos

BC1 - Representación de instalacións eléctricas

C1.1 - Normas xerais de esbozamento: normas ISO.

C1.2 - Técnicas e proceso de esbozamento: esbozamento a man alzada.

C1.3 - Simboloxía: símbolos eléctricos e mecánicos.

C1.4 - Escalas: cotas.

C1.5 - Cotación: normas.

C1.6 - Rotulación.

Obxectivos específicos

Identificar os elementos e os espazos, as súas características construtivas e o uso ao que se destina a instalación eléctrica.

Seleccionar as vistas e os cortes que mellor representan a instalación eléctrica.

Utilizar un soporte axeitado para a representación de esbozos.

Utilizar a simboloxía normalizada.

Definir as proporcións adecuadamente.

Cotar con claridade.

Coñecer as normas de representación gráfica.

Definir os esbozos coa claridade gráfica suficiente para a súa comprensión.

Traballar con pulcritude e limpeza.

Resultados ou produtos

Esbozos realizados polo alumando de varios supostos prácticos.

Recursos específicos

Equipo multimedia da aula-taller do módulo.
Normativa aplicable.

	Actividade	Descrición	Duración
2	Representación gráfica asistida por computador.	Elaboración da documentación gráfica de proxectos de instalacións electrotécnicas.	20

Criterios de avaliación

RA3 - Elabora documentación gráfica de proxectos de instalacións eléctricas e debuxa planos mediante programas de deseño asistido por computador.

CA3.1 - Identificouse o proceso de traballo e a interface de usuario do programa de deseño asistido por computador.

CA3.2 - Identificáronse os esbozos subministrados para a definición dos planos do proxecto eléctrico.

CA3.3 - Distribuíronse nos planos os debuxos, as lendas, a rotulación e a información complementaria.

CA3.4 - Seleccionouse a escala e o formato apropiados.

CA3.5 - Debuxáronse planos de planta, alzado, cortes, seccións e detalles de proxectos de instalacións electrotécnicas consonte os esbozos subministrados e a normativa específica.

CA3.6 - Comprobouse a correspondencia entre vistas e cortes.

CA3.7 - Cotouse con claridade e de acordo coas normas.

CA3.8 - Incorporáronse as lendas e a simboloxía correspondentes.

Contidos

BC2 - Elaboración da documentación gráfica de proxectos de instalacións electrotécnicas

C2.1 - Manexo de programas de deseño asistido por computador. Introdución e instalación de software. Interface de usuario. Inicio, organización e gardado. Control das vistas de debuxos. Elección dos procesos de traballo. Creación e modificación de obxectos.

C2.2 - Documentación gráfica: normas xerais de representación. Sistemas de encadernación. Sistemas informáticos de presentación de documentación (DVD, memorias USB, etc.). Métodos de presentación de proxectos (software).

C2.4 - Interpretación de planos de proxectos de obra civil: situación, plano topográfico, plano de trazado, perfís lonxitudinais e transversais, e seccións tipo.

C2.5 - Software específico para deseño de sistemas electrotécnicos e automáticos (esquemas unifilares e multifilares, etc.).

C2.6 - Elaboración de planos de situación, emprazamento e planta.

C2.7 - Elaboración de esquemas unifilares e multifilares de instalacións electrotécnicas e sistemas automáticos.

C2.8 - Normas de aplicación.

Obxectivos específicos

Identificar o proceso de traballo e a interface de usuario do programa de deseño asistido por computador.

Identificar os esbozos subministrados para a definición dos planos do proxecto eléctrico.

Dsitribuír nos planos os debuxos, as lendas, a rotulación e a información complementaria.

Seleccionar a escala e o formato apropiado.

Debuxar planos de planta, alzado, cortes, seccións e detalles de proxectos de instalacións electrotécnicas consonte os esbozos subministrados e a normativa específica.

Debuxar esquemas unifilares e multifilares de instalacións electrotécnicas e sistemas automáticos.

Comprobar a correspondencia entre vistas e cortes.

Cotar con claridade e de acordo coas normas.

Incorporar as lendas e a simboloxía correspondente.

Resultados ou produtos

Documentación gráfica que represente os espazos e a instalación eléctrica para un ou varios supostos prácticos.

Recursos específicos

Equipo multimedia da aula-taller do módulo. Equipos informáticos con ferramentas software para a elaboración dos planos. Normativa aplicable.

	Actividade	Descrición	Duración
3	Xestión da documentación gráfica de proxectos eléctricos.	Xestión da documentación gráfica de proxectos de instalacións electrotécnicas.	6

Criterios de avaliación

RA4 - Xestiona a documentación gráfica de proxectos eléctricos, reproducindo, organizando e arquivando os planos en soporte impreso e informático.

CA4.1 - Identificouse o sistema de reprodución e arquivo para cada situación.

CA4.2 - Identificouse o sistema de codificación da documentación.

CA4.3 - Utilizouse o medio de reprodución adecuado, de xeito que as copias sexan nítidas e se lean con comodidade.

CA4.4 - Cortáronse e dobráronse correctamente os planos, no tamaño requirido.

CA4.5 - Organizouse e arquivouse a documentación gráfica no soporte solicitado.

CA4.6 - Localizouse a documentación arquivada no tempo requirido.

Contidos

BC3 - Xestión da documentación gráfica de proxectos de instalacións electrotécnicas

C3.1 - Tipos de documentos: formatos. Dobra de planos.

C3.2 - Periféricos de saída gráfica. Plotter. Impresión profesional.

C3.4 - Normas de codificación. Técnicas de xestión da documentación.

C3.5 - Interpretación de planos de proxectos de edificación: plano de situación e emprazamento; plantas de cimentación e estrutura; plantas de distribución e cotas; plantas de moblaxe; plantas de cuberta; cortes e alzados; detalle de sección construtiva.

C3.6 - Ficheiros: contido e estrutura; tipos de formatos (PDF, rtf, etc.).

Obxectivos específicos

Identificar o sistema de reprodución e arquivo para cada situación.

Identificar o sistema de codificación da documentación.

Empregar o medio de reprodución adecuado, de xeito que as copias sexan nítidas e se lean con comodidade.

Cortar e dobrar correctamente os planos, no tamaño requirido.

Organizouse e arquivouse a documentación gráfica no soporte solicitado.

Localizouse no tempo requirido a documentación arquivada.

Resultados ou produtos

Dossier cos planos obtidos nas anteriores actividades.

Recursos específicos

Equipo multimedia da aula-taller do módulo. Equipos informáticos con ferramentas software para a elaboración e impresión de planos. Normativa aplicable.

UD	Título da UD	Duración
2	Orzamentos e documentación técnica.	40

	Actividade	Descrición	Duración
1	Documentación técnico-administrativa das instalacións.	Tipos de proxectos: administrativo ou técnico administrativo, executivo e construtivo.	5

Criterios de avaliación

RA1 - Identifica a documentación técnico-administrativa das instalacións, interpretando proxectos e recoñecendo a información de cada documento.

CA1.1 - Clasificáronse os documentos que compoñen un proxecto.

CA1.2 - Identificouse a función de cada documento.

CA1.3 - Relacionouse o proxecto da instalación co proxecto xeral.

CA1.4 - Determináronse os informes necesarios para a elaboración de cada documento.

CA1.5 - Recoñecéronse as xestións de tramitación legal dun proxecto.

CA1.6 - Simulouse o proceso de tramitación administrativa previo á posta en servizo.

CA1.7 - Identificáronse os datos requiridos polo modelo oficial de certificado de instalación.

CA1.8 - Distinguiuse a normativa de aplicación.

Contidos

BC4 - Identificación da documentación técnico-administrativa das instalacións e dos sistemas

C4.1 - Anteproxecto ou proxecto básico.

C4.2 - Tipos de proxectos: administrativo ou técnico administrativo, executivo e construtivo.

C4.3 - Documentos básicos: índice xeral, memoria, anexos, planos, prego de condicións, estado de medicións, orzamento, etc.

C4.4 - Documentación de partida: cálculos, táboas, catálogos, etc.

C4.5 - Estudos con entidade propia: prevención de riscos laborais, impacto ambiental, calidade, eficiencia enerxética, etc.

C4.6 - Manuais de instrucións.

C4.7 - Normativa: tramitacións e legalización. Trámites coa Administración e coas compañías subministradores e comercializadoras.

C4.8 - Rexistro de instalacións. Solicitude de subministración.

C4.9 - Certificados de instalación e verificación.

C4.10 - Certificados de fin de obra: manuais de instrucións.

Obxectivos específicos

Clasificar os documentos que compoñen un proxecto.

Identificar as función de cada documento.

Relacionar o proxecto da instalación co proxecto xeral.

Determinar os informes necesarios para a elaboración de cada documento.

Recoñecer as xestións de tramitación legal dun proxecto.

Simular o proceso de tramitación administrativa previo á posta en servizo.

Identificar os datos requiridos polo modelo oficial de certificado de instalación.

Identificar a normativa de aplicación.

Resultados ou produtos

Proxecto técnico da instalación eléctrica para unha ou varios supostos prácticos.

Recursos específicos

Equipo multimedia da aula-taller do módulo.
Equipos informáticos con ferramentas software para presentación de resultados.
Normativa e documentación oficial de referencia.

	Actividade	Descrición	Duración
2	Confección de orzamentos.	Orzamentos: confección e métodos de realización.	15

Criterios de avaliación

RA5 - Confecciona orzamentos de instalacións e sistemas eléctricos, tendo en conta a listaxe de materiais, os baremos e os prezos unitarios.

CA5.1 - Identificáronse as unidades de obra das instalacións ou dos sistemas, e os seus elementos constituíntes.

CA5.2 - Realizáronse as medicións de obra.

CA5.3 - Determináronse os recursos para cada unidade de obra.

CA5.4 - Obtivéronse os prezos unitarios a partir de catálogos de fabricantes.

CA5.5 - Detallouse o custo de cada unidade de obra.

CA5.6 - Realizáronse as valoracións de cada capítulo do orzamento.

CA5.7 - Utilizáronse aplicacións informáticas para elaboración de orzamentos.

CA5.8 - Valorouse o custo de mantemento preditivo e preventivo.

Contidos

BC5 - Confección de orzamento

C5.1 - Unidades de obra: medicións. Elementos significativos para ter en conta.

C5.2 - Cadros de prezos: catálogo de fabricantes.

C5.3 - Custos da man de obra.

C5.4 - Orzamentos: confección e métodos de realización.

C5.5 - Análise de custos. Procura de información. Técnicas específicas de análise de custos.

C5.6 - Programas informáticos de elaboración de orzamentos: paquete office e programas específicos de medicións e orzamentos.

C5.7 - Formato de intercambio estándar de bases de datos da construción.

Obxectivos específicos

Identificar as unidades de obra das instalacións ou dos sistemas, e os seus elementos constituíntes.

Recoñecer as medicións de obra.

Determinar os recursos para cada unidade de obra

Obter os prezos unitarios a partir de catálogos de fabricantes.

Detallar o custo de cada unidade de obra.

Realizar as valoracións de cada capítulo do orzamento.

Empregar aplicacións informáticas para elaboración de orzamentos

Valorar o custo do mantemento preditivo e do preventivo

Resultados ou produtos

Certificado de obra para un ou varios supostos prácticos.
Orzamentos para un ou varios supostos prácticos.

Recursos específicos

Equipo multimedia da aula-taller do módulo.
Equipos informáticos con ferramentas software para presentación de resultados.
Documentación técnica e comercial asociada ós diferentes fabricantes.

	Actividade	Descrición	Duración
3	Proxecto eléctrico.	Elaboración de documentos do proxecto	10

Criterios de avaliación

RA6 - Elabora documentos do proxecto a partir de información técnica, utilizando aplicacións informáticas.

CA6.1 - Identificouse a normativa de aplicación.

CA6.2 - Interpretouse a documentación técnica (planos e orzamentos, etc.).

CA6.3 - Definíronse formatos para elaboración de documentos.

CA6.4 - Elaborouse o anexo de cálculos.

CA6.5 - Redactouse o documento memoria.

CA6.6 - Elaborouse o estudo básico de seguridade e saúde.

CA6.7 - Elaborouse o prego de condicións.

CA6.8 - Redactouse o documento de aseguramento da calidade.

Contidos

BC6 - Elaboración de documentos do proxecto

C6.1 - Normativa de aplicación.

C6.2 - Formatos para elaboración de documentos.

C6.3 - Anexo de cálculos: estrutura e características. Software específico.

C6.4 - Documento memoria: estrutura e características.

C6.5 - Estudo básico de seguridade e saúde. Métodos de realización e información mínima.

C6.6 - Prego de condicións: partes e condicións.

C6.7 - Aseguramento da calidade. Sistemas de calidade aplicados a proxectos. Normas de aplicación.

C6.8 - Memoria técnica de deseño (MTD).

C6.9 - Aplicacións informáticas para elaboración de documentación.

Obxectivos específicos

Identificar a normativa de aplicación.

Interpretar a documentación técnica (planos e orzamentos, etc.)

Definir os formatos para elaboración de documentos

Elaborar o anexo de cálculos.

Redactar o documento memoria

Elaborar o estudo básico de seguridade e saúde.

Elaborar o prego de condicións.

Redactar o documento de aseguramento da calidade

Resultados ou produtos

Anexos de cálculos, documento memoria, estudo básico de seguridade e saúdoe, prego de condicións e documento de aseguramento da calidade para un ou varios supostos prácticos.

Recursos específicos

Equipo multimedia da aula-taller do módulo.
Equipos informáticos con ferramentas software para presentación de resultados.
Documentación técnica de exemplo.
Normativa e documentación oficial de referencia.

	Actividade	Descrición	Duración
4	Plans, manuais e estudos complementarios.	Confección de plans, manuais e estudos.	10

Criterios de avaliación

RA7 - Elabora manuais e documentos anexos aos proxectos de instalacións e sistemas, nos que se definen procedementos de previsión, actuación e control.

CA7.1 - Relacionáronse as medidas de prevención de riscos na montaxe e no mantemento das instalacións e dos sistemas.

CA7.2 - Identificáronse as pautas de actuación en situacións de emerxencia.

CA7.3 - Definíronse os indicadores de calidade da instalación ou do sistema.

CA7.4 - Definiuse o informe de resultados e accións correctoras, atendendo aos rexistros.

CA7.5 - Comprobouse a calibración dos instrumentos de verificación e medida.

CA7.6 - Estableceuse o procedemento de rastrexabilidade de materiais e residuos.

CA7.7 - Determinouse o almacenamento e o tratamento dos residuos xerados nos procesos.

CA7.8 - Elaborouse o manual de servizo.

CA7.9 - Elaborouse o manual de mantemento.

CA7.10 - Manexáronse aplicacións informáticas para elaboración de documentos.

Contidos

BC7 - Confección de plans, manuais e estudos

C7.1 - Plans de emerxencia e de prevención: tipos e características.

C7.3 - Normativa de aplicación.

C7.4 - Estudos básicos de seguridade e saúde. Normas de aplicación: normativa internacional.

C7.5 - Plan de calidade e mantemento. Sistemas de xestión da calidade aplicados ás instalacións eléctricas. Normas de aplicación.

C7.6 - Calidade na execución de instalacións ou sistemas. Normativa de xestión da calidade.

C7.7 - Plan de xestión ambiental. Estudos de impacto ambiental. Normativa de xestión ambiental.

C7.8 - Elaboración de manuais: de servizo e de medicións.

C7.9 - Especificacións técnicas dos elementos das instalacións.

C7.10 - Condicións de posta en marcha ou servizo.

C7.11 - Manual de mantemento. Histórico de mantemento e de avarías.

C7.12 - Protocolo de probas. Procesos de probas específicas.

C7.13 - Equipamentos de seguridade e protección; sinais e alarmas.

Obxectivos específicos

Relacionar as medidas de prevención de riscos na montaxe e no mantemento das instalacións e dos sistemas.

Identificar as pautas de actuación en situacións de emerxencia

Definir os indicadores de calidade da instalación ou do sistema

Definir o informe de resultados e accións correctoras, atendendo aos rexistros.

Comprobar a calibración dos instrumentos de verificación e medida.

Establecer o procedemento de rastrexabilidade dos materiais e dos residuos. Determinar o almacenamento e o tratamento dos residuos xerados nos procesos. Elaborar os manuais de servizo e de mantemento. Manexar aplicacións informáticas para elaboración de documentos.
Resultados ou produtos Documento de prevención de riscos na montaxe e mantemento dun ou varios supostos prácticos. Certificados de calibración dos instrumentos de verificación e medida. Manuais de servizo e mantemento dun ou varios supostos prácticos.
Recursos específicos Equipo multimedia da aula-taller do módulo. Equipos informáticos con ferramentas software para presentación de resultados. Documentación técnica de exemplo.

5.1. Procedemento de avaliación inicial.

Segundo o establecido no artigo 28 da ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial: ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.
Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan.
Esta información poderá proceder, segundo o establecido no artigo 28:
a) Dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, de ser o caso.
b) Dos estudos académicos ou das ensinanzas de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.
c) Do alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.
d) Dos informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
e) Da experiencia profesional previa.
f) Da matrícula condicional do alumnado estranxeiro.
g) Da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.
Como profesor responsable do módulo adicarei os primeiros días de clase á observación e rexistro das circunstancias que poidan resultar rechamantes co obxecto de poder detectar calquera dificultade que poida ter o alumnado e que sexa susceptible de ser abordada na sesión de avaliación inicial.

6.1. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**50**	**50**	**100**
Lista de cotexo	100	90	**95**
Táboa de observación	0	10	**5**

Procedemento e criterios de cualificación:

Co fin de garantir o dereito do alumnado a que o seu rendemento escolar sexa avaliado con plena obxectividade, no desenvolvemento das unidades didácticas desta programación recolléronse os criterios de avaliación que serán avaliados para evidenciar a adquisición das capacidades establecidas no currículo. Unha das primeiras actividades de cada unidade será a exposición ao alumnado das mesmas en cumprimento do artigo 48.4 do Decreto 114/2010.
A cualificación calcularase tendo en conta a nota resultante da aplicación dos distintos instrumentos de avaliación segundo a ponderación establecida para cada criterio de avaliación (CA), tendo en conta a obrigatoriedade de ter superados todos aqueles CA considerados como mínimos esixibles para poder obter unha cualificación positiva. Os CA considerados mínimos esixibles, atópanse reflexados na táboa 4 correspondente a cada unidade didáctica. Para a superación de cada CA será necesario obter unha cualificación de 5 ou superior aplicando o instrumento de avaliación correspondente.
En cada unidade didáctica obterase unha nota numérica de 1 a 10, empregando dous decimais, resultado da ponderación segundo o peso indicado na táboa a cada instrumento. No caso de que non se superen os CA considerados como mínimos, a nota máxima da unidade didáctica será de 4 puntos, sendo preciso recuperar as partes non superadas segundo o procedemento que se detalla no apartado 6.
Para o establecemento das cualificacións das diferentes avaliacións terase en conta a avaliación continua detallada en cada unha das unidades didácticas. Será necesario acadar tódolos mínimos das unidades didácticas de cada avaliación para poder superar a dita avaliación. A cualificación da avaliación obterase como resultado do promedio ponderado das cualificacións de cada unidade didáctica. Seguindo as directrices establecidas no artigo 26 da ORDE do 12 de xullo de 2011, pola que se regula a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, a cualificación final será numérica entre 1 e 10, sen decimais. No redondeo das cualificacións aplicarase a seguinte norma: se o primeiro decimal é inferior a 5, a nota redondéase á baixa, en caso contrario o redondeo aplicado será á alza. No caso de non acadar os mínimos nalgunha delas, a cualificación máxima non poderá superar os 4 puntos. O procedemento de recuperación das partes non superadas detallase no apartado 6.
Valorarase o contido dos traballos, cando proceda, atendendo aos seguintes criterios: a variedade das fontes, a capacidade de análise e síntese e o rigor científico. Asemade, no caso das traballos e tarefas en equipo valorarse, ademais do resultado dos mesmos, a implicación de cada unha das persoas que forman parte do grupo, a capacidade para organizarse e resolver os conflitos que puidesen xurdir, o uso correcto dos equipos e o respecto polas normas de seguridade e hixiene. Consonte a isto a cualificación obtida nos traballos en grupo será en principio a mesma para todas as persoas do grupo de traballo. As excepcións a esta norma serán as derivadas da posible actitude negativa e carente de compromiso coas tarefas encomendadas polo grupo.
Os requisitos mínimos dos traballos, en canto a presentación e contidos, serán especificados ao alumnado no momento da presentación da tarefa quedando sempre reflexados na descrición da mesma na aula virtual. A realización dos traballos é obrigatoria, agás aqueles que se propoñan con carácter voluntario, se for o caso. Iranse propoñendo ao longo de cada unidade didáctica para a súa entrega segundo as datas fixadas. A entrega dos mesmos fóra da data fixada implicará que non se lle valora nin cualifica para a correspondente avaliación, mais si se terá por presentado e cumprido o requisito. As datas e hora de entrega das actividades, traballos e realización de probas serán negociadas co alumnado pero unha vez fixadas serán inamovibles.
No caso de detectarse actuacións de tipo fraudulento (plaxio, copia, etc.) ou actuacións que incumpran as normas de prevención de riscos e seguridade, para as persoas ou para as instalacións, o profesor non cualificará a actividade ou tarefa, obtendo como nota un 1, implicando neste caso a necesidade de volver a presentarse á proba ou volver a realizar a actividade/tarefa ou outra similar.
Todas as probas de avaliación, unha vez corrixidas e revisadas polo alumno/a, será custodiadas polo profesor ata rematado o prazo de reclamacións da avaliación final do módulo. Especificarase o prazo de devolución de traballos e se unha vez superado dito prazo o/a alumno/a non o recolle o profesor entenderá que renuncia a eles.

Procedemento e criterios de recuperación

Neste apartado faise referencia á seguinte situación:
1. Alumnado que non acade unha cualificación positiva nas avaliacións parciais de cada UD: Este alumando realizará as actividades de recuperación que estableza o profesor de forma individualizada, atendendo ás dificultades do alumno ou alumna e coa finalidade de acadar os mínimos esixibles para superar o módulo. As actividades do plan de recuperación poderán consistir na realización de actividades e traballos semellantes aos propostos durante cada actividade e/ou a realización dunha proba de avaliación escrita relacionada cos criterios de avaliación non superados. O período de realización das actividades de recuperación comezará unha vez rematada a actividade correspondente e durante o trimestre inmediatamente seguinte, e finalizará no prazo que acorden o profesor e o alumnado afectado. En calquera caso, estas actividades de recuperación serán feitas fóra do horario lectivo do alumnado.

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No seguinte apartado faise referencia ás dúas situación posibles:
1.Alumnado que non supera o módulo na terceira avaliación: Nos supostos de que as medidas de reforzo tomadas ao longo do curso fosen insuficientes e algún alumno ou alumna non superase o módulo, terá que presentarse á proba extraordinaria do módulo no mes de xuño, coa parte ou partes non superadas (recollido no informe de avaliación individualizado entregado despois da terceira avaliación).
2.O alumando que non superou o módulo en anteriores cursos terá que cursar o módulo como se fose a primeira vez.

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será a porcentaxe que acorde o Consello Escolar respecto da súa duración total. Dado que o número de horas do módulo é de 86 sesións no centro, o número máximo de faltas de asistencia (non xustificadas será dun 10% segundo os criterios establecidos no regulamento do centro e dun 20% para o total de faltas, xustificadas e sen xustificar) resultando en 11 e 21 sesións respectivamente.
Para o alumnado que perdese o dereito á avaliación continua por razóns de falta de asistencia reiterada, non será posible empregar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente, neste caso terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final.
A proba de avaliación extraordinaria consistirá en dúas probas diferencias a realizar en diferentes días:
- Resolución de cuestións teóricas, problemas e exercicios sobre os contidos globais do módulo que se avaliará cunha proba escrita e terá un peso do 50%.
- Probas prácticas consistente na elaboración dunha ou varias tarefas desenvolvidas ao longo do curso sobre as tipoloxías de instalacións que forman parte dos contidos globais do módulo que se avaliará coa aplicación de listas de cotexo cun peso do 50%.
A nota final calcularase facendo a media ponderada entre as distintas partes, sendo preciso obter un mínimo de 5 puntos en cada unha delas. É preciso ter superada a parte teórica para poder realizar as probas prácticas.
As probas teóricas e prácticas serán realizadas nas datas indicadas pola dirección do centro. As datas e horas de revisión destas probas serán comunicadas polo profesor do módulo ao alumnado a través das canles habituais de comunicación (publicación na aula virtual).

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

Ao longo do curso, irase comprobando que, tanto as medidas de atención á diversidade como a programación en xeral, vaia respondendo, de maneira axeitada á diversidade do alumando, xa que, de non ser así, teranse que realizar as variacións que fosen necesarias para unha adecuada atención. En calquera caso, as medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados deberán de ser individualizadas e polo tanto adaptadas ás necesidades concretas de cada caso. Realizarase o seguimento do alumando que presente dificultades nas horas de titorías e/ou no momento e da forma que estime máis conveniente. Terase especialmente en conta, posibles informes e recomendacións do Departamento de Información e Orientación respecto ao alumnado con necesidades especiais.

Como medidas de reforzo educativo como garante dunha programación para todas as persoas:
- Establecer claramente os obxectivos mínimos a conseguir, estando abertos á preparación de diversas actividades sobre un mesmo contido e variando o grao de dificultade e a temporalización proposta.
- Promover a aprendizaxe cooperativa e de axuda mutua, facilitando a constitución de grupos heteroxéneos de alumnado.
- Material complementario de lectura, apuntes, exercicios resoltos, etc. Así como páxinas web con animacións, vídeos, etc.
- Tamén se realizarán actividades complementarias con maior grao de dificultade e de complexidade na resolución de problemas para aquel alumnado que o precise.
- Adaptar os espazos e o mobiliario e valorar a necesidade de produtos de apoio, de ser precisas.

8.1. Programación da educación en valores.

Lei Orgánica 2/2006 de Educación incorpora as competencias básicas ao currículo como un dos seus elementos máis salientables. Esta incorporación das competencias básicas ao currículo é unha primeira aposta por achegar o sistema educativo ás esixencias internacionais. Unha das competencias introducidas é a competencia social e cidadán, básica para a comprensión da realidade na que se vive empregando o xuízo ético baseado nos propios valores e nas prácticas democráticas que deben presidir as nosas relacións. Enténdese que desde esta competencia o alumnado poderá afrontar dun xeito máis axeitado a convivencia coas demais persoas e o enfrontamento dos conflitos que poidan xurdir nas relacións.
A metodoloxía docente aplicada neste módulo terá como sinal de identidade, non só os contidos prácticos e técnicos do mesmo, senón promover un ambiente educativo onde o alumando poida adquirir as capacidades que lle permitan comprender tanto o sector produtivo como a realidade social da contorna. Do mesmo xeito, será sinal de identidade fomentar na aula os seguintes valores:
- A igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres tanto no acceso á educación como en calquera das ocupacións profesionais que poidan desenvolver no futuro nun sector, que a día de hoxe, se atopa claramente masculinizado.
- A concienciación sobre prevención de riscos laborais dada a importancia que teñen as normas de hixiene e seguridade no traballo, así como as precaucións necesarias no manexo de determinadas ferramentas, máquinas e sistemas eléctricos.
- A preocupación sobre o impacto medioambiental xa que afecta directamente a conceptos tan importantes como o aforro enerxético e a reciclaxe de tódolos compoñentes de carácter eléctrico e electrónico, moitos deles considerados como altamente contaminantes e polos tanto perigosos.

A metodoloxía de traballo en equipo para a realización das tarefas e prácticas ben motivada en gran medida pola posta en valor de aspectos relevantes para a educación en valores como poden ser a solidariedade, o posta en valor polo ben do grupo sobre intereses particulares, o fomento do respecto para ser respectado, inclusión de minorías e respecto polos acenos de identidade que poidan estar incluídos na aula.

9.1. Actividades complementarias e extraescolares.

lén das actividades, xa recollidas na programación das unidades didácticas, promoverase ao longo do curso a participación en diferentes actividades complementarias e extraescolares, directamente relacionadas cos contidos do módulo en particular, e do ciclo, en xeral. O obxectivo destas actividades é por ao alumnado en contacto coa práctica real da profesión e ao mesmo tempo motivar para a adquisición de contidos.
Algúns exemplos das mesmas son:
- Sesións formativas organizadas por profesionais que desenvolven a súa labor no ámbito da xestión e mantemento de sistemas eléctricos e automáticos de produción.
- Visita a centros produtivos do sector industrial na contorna de Ourense
- Feiras ou mostras onde se poidan ver as últimas novidades explicadas por profesionais do sector.
Do mesmo xeito promoverase a participación do alumnado en actividades deseñadas de maneira conxunta con outros módulo e/ou ciclos formativos do centro. Do mesmo xeito, será promovida a participación nas actividades organizadas dentro do propio centro educativo (Plan lector e plan de igualdade).

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

Segundo o establecido no artigo 34 do Decreto 114/2010 do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, o equipo docente realizará un seguimento da programación de cada módulo, onde se incluirá o grado de cumprimento, e en caso de haber desviacións, xustificaranse de maneira razoada. A periodicidade da reunións de seguimento será establecida polo departamento do centro.
